

IES TERRA DE TURONIO. CURSO 2019-20

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

CURSO: 1º ESO

MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

a) Competencias

- 1.- COMPETENCIA DIXITAL
- 2.- APRENDER A APRENDER
- 3.- COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS
- 4.- SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR
- 5.- CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIAS

b) Estándares e Criterios de avaliación

ESTÁNDARES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<p>*Distingue as formas do relevo terrestre</p> <p>* Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial</p> <p>* Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais:</p> <p>mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais</p> <p>* Describe as principais características das tres áreas climáticas do mundo: Cálida, Temperada e Fría e analiza algúns dos seus climas.</p> <p>* Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima e os espazos naturais de Europa e España</p> <p>* É quen de analizar unha gráfica de clima</p> <p>* Expón as características da evolución do home</p> <p>* Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a Prehistoria e describe as características básicas da vida en cada unha</p> <p>- Paleolítico: etapas; formas de vida;</p>	<p>B1.5. Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características.</p> <p>B1.6. Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais.</p> <p>B1.7. Ser capaz de describir as peculiaridades do medio físico europeo.</p> <p>B1.8. Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental.</p> <p>B1.9. Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.</p> <p>B1.10. Coñecer os principais espazos naturais do noso continente</p> <p>B3.9.1. Describir o Paleolítico: etapas; a evolución humana, características das formas de vida; cazadores colectores.</p> <p>B3.9.2. Explicar o Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social.</p>

<p>cazadores colectores, formas artísticas</p> <ul style="list-style-type: none"> - Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; - artesanía; organización social. - Distingue a organización social e económica na Idade dos metais. Megalitos e cultura Castrexa <p>* Describe formas de organización socio-económica e política das culturas urbanas de Mesopotamia e de Exipto. Principais características das culturas de Exipto e Mesopotamia. Diferencia as súas manifestacións artísticas</p> <p>* Coñece os principais trazos das polis gregas e os seus sistemas políticos facendo fincapé na democracia.</p> <p>* Entender a colonización grega e a súa transcendencia</p> <p>* Distinguir entre o sistema político grego e o helenístico.</p> <p>* Explica as características esenciais da arte grega e diferencia algunhas das obras artísticas máis significativas</p> <p>* Da exemplos representativos das áreas do saber de Grecia</p> <p>* Explica a evolución política da Antiga Roma, a súa expansión e a crise e caída do imperio.</p> <p>* Caracteriza os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas</p> <p>* Coñece as principais aportacións artísticas e culturais da Antiga Roma, así como o concepto de romanización.</p> <p>* Expón a transcendencia da ocupación romana de Hispania</p>	<p>B3.9.3. Identificar a Idade dos metais e a Prehistoria galega: megalitos e petroglifos.</p> <p>B3.13. Explicar as etapas en que se divide a historia de Exipto, rasgos da súa cultura así como as características da civilización mesopotámica</p> <p>B3.14. Identificar as principais características da relixión exipcia</p> <p>B3.15. Localizar e describir algúns exemplos arquitectónicos e escultóricos de Exipto e de Mesopotamia.</p> <p>B3.16. Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia.</p> <p>B3.17. Entender a transcendencia do concepto de colonización.</p> <p>B3.18. Distinguir entre o sistema político grego e o helenístico.</p> <p>B3.19. Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais.</p> <p>B3.20. Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga.</p> <p>B3.21. Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando entre os que son específicos.</p> <p>B3.22. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente.</p>
---	--

2.- Avaliación e cualificación.

Avaliación:

Valorarase o esforzo, adicación, interese, regularidade e puntualidade.

Se o alumnado se esmerou e entregou todo o que se esixiu calificarase cun 1 punto (que correspondería a un 10) á 3ª avaliación. O punto sufrirá descontos caso de que o esforzo non fora regular ou o traballo non estea completo.

Cualificación Final:

A avaliación será resultado da media aritmética da 1ª e 2ª avaliacións ó que se engadirá a puntuación da 3ª avaliación. Esta obterase do traballo enviado polo alumnado no cal se terá en conta o esforzo, adicación, interese e regularidade.

O alumnado que non presentou traballos na 3ª avaliación como resultado de problemas para desenvolver os medios de comunicación telemática terá unha cualificación final da media da 1ª e 2ª avaliación

O alumnado que non presentou traballos na 3ª avaliación sen xustificación, o mesmo, por imposición, aínda que os membros do departamento non comparten esta resolución.

Proba extraordinaria de setembro:

Criterios de Avaliación

Farase unha proba onde se introducirá materia procedente dos estándares das 1ª e 2ª avaliacións. Ademais deberán presentar os traballos correspondentes a 3ª avaliación.

Estes últimos engadiránse á puntuación obtida na proba.

Alumnado de materia pendente: Non hai en 1º de ESO

3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Metodoloxía activa a través da construción da propia aprendizaxe (aprender a aprender mediante o material proporcionado polas profesoras. Utilízase a plataforma Edixgal e o correo electrónico.

O noso departamento, tendo en conta a natureza da materia de Xeografía e Historia acordou avanzar materia a través de actividades como exercicios ou fichas que deben completar utilizando diversos medios: power point, libro de texto, cuestionarios...

O alumnado ten a posibilidade de recuperar a 1ª e 2ª avaliacións cubrindo exercicios, fichas ou mapas correspondentes as primeiras avaliacións, e asimismo deberán completar ó correspondente á terceira.

As profesoras deste departamento estamos a disposición do alumnado a través de Edixgal, ou do correo electrónico.

Para os suspensos na 1ª e 2ª avaliacións envíanse tarefas de recuperación a través de EDIXGAL

4.- Información e publicidade.

A información das actividades do departamento de Ciencias Sociais está exposta en Edixgal aínda que tamén utilizamos o correo electrónico para poñernos en contacto co alumnado e para que eles se así o desexan envíen traballos.

Comunicación coas familias por móbil Abalar.

Páxina web do centro

5.-Materiais e recursos:

Libro de texto, actividades do libro de texto, libro electrónico, fichas de clase, exercicios e power point de elaboración propia.

Non hai alumnado sen conectividade.

